



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

IV 323b

/: Regueiriño de Farelos,
deixa pasalos rapaces, :/
eles pasan por a noite
/: cando van a namorar-e. :/
Ai la le lo, ai la le lo.

VI 754

Adiós, miña Mariquiña,
a do fondo do lugar-e,
carreiriño de entre os millos
donde íbamos a parrafear.

Vai, vai que te leve o demo,
vai, vai que te vai levar,
vai, vai que te leve o demo
hasta beiriña do mar.

Veña viño, veña viño
e non cerveza
que a cerveza é auga choca,
que fai arrotar e cheira
i o viño é sangue de Cristo
e bébese hasta na igreia.

Veña viño, veña viño
e non cervexa
que a cervexa é auga choca,
que fai arrotar e cheira
i o viño é sangue de Cristo
e bébese hasta na igrexa.

Vai, vai que te leve o demo,
vai, vai que te vai levar,
vai, vai que te leve o demo
da ponte de San Xulián.

/: Teis un gran procú-procú,
teis un gran procú-procú
teis un gran procurador. :/

VI 676

Maruxiña dos meus encantos,
si me veis pasar, pasar
non digas pra sonde vou
que me poden mormurar.



Maruxiña dos meus encantos,
teis un bon paxar-, paxar-,
teis un bon paxar-, paxar-,
teis un bon paxar-, paxar-,
teis un bon paxariño.
Teis un bon paxar-, paxar-,
teis un bon paxar-, paxar-,
teis un bon paxariño.

... coloradiño
botaballo o coloradiño
Maruxiña, ó teu refaixo
bótalle un reberiquiño.

VI 1194

No me tires no camiño
que non son unha cadela
que trailos collós inchados
i enchesma pola de terra.
Ai la la la...

- ... escapou, cuando fuel del movimiento, el señor, el hermano, se marchó para Méjico.
- Si xa o sabe, ela xa está enterada de todo.
- ...y los que andabamos por aquí, teniamos un coro hecho aquí, pero claro, cosas que...

[Maruxiña ten] coidado
cando te vaias a cama
que che pode vir o trasno
e facerche unha trasgada.

Téñoche un can de palleiro
que de noite anda ceibado
e que lle roi ás canelas
ó trasno millor pintado.

E se lle roi as canelas
ó trasno millor pintado
non che ha de faltar, Maruxa,
quen che queira ser o trasno.

/: Vendimador que vendimas
na cestiña colorada, :/
/: non che quixera ser cepa
adiante da túa navalla. :/Ç
Ai la la la lo...

/: Vendimador que vendimas
na cestiña colorada, :/
/: o viño vai na cabaza
i o pan na cestiña vai-e. :/
Ai la le lo...



Nena ... que estas na ventana
ca punta do(s) panos fóra
/: i eu a cara no cha vexo
e o pano xa me namora. :/
Ai la, ai la la...

/: Unha nena nunha fonte
por unha berza bebía :/
/: i a berza estaba rachada
toda a auga se lle vertía. :/
Ai la la...

[O cantar do] galeguiño
e cantar que nunca acaba
empeza con trena nena
e acaba con trena naina.

VI 1377

[Miña nai] pequeniña
criábame mui honesta
/: cunha saíña de tascos
atadiña cunha xesta. :/
Ai la la...

Vente vindo, vente vindo,
vente vindo e vente andando
/: e pra non perdelo tempo :/
colle a roca e ven fiando.
Ai la la...

IV 454b

Unha vella de Angarelos
díxolle a outra de Fornelos
fago eu máis ruído ca cuña
có ferreiro co martelo.

...

... no areal
i o teu pé pequerrechiño
ben conocido che está.
Ai la la...

Ó subila e ó baixala
a costíña de Canedo,
ó subila e ó baixala
perdín a cinta do pelo.

IV 965

Desde a Lanza a San Lorenzo
inda che ha de recordar-e
/: do poeta o Florencio :/
Ai la le lo...